



# Campo de Traballo “O Pico Sacro”

---

*Boqueixón (18 de xullo – 29 de xullo)*

Campo de Traballo para a posta en valor do Pico Sacro e o patrimonio cultural, histórico e medioambiental do seu entorno.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

# Índice

1. FUNDAMENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
2. OBXECTIVOS.....	14
3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CAMPO DE TRABALLO.....	16
4. METODOLOXÍA .....	19
5. ORGANIZACIÓN DO CAMPO DE TRABALLO.....	21
6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES.....	25
7. CRONOGRAMA.....	35
8. AVALIACIÓN.....	37
9. MATERIAIS.....	39
10. EQUIPO TÉCNICO.....	39
11. ORZAMENTO.....	40

## 1. Contextualización e fundamentación

O Concello de Boqueixón, pola súa privilexiada ubicación e a súa proximidade á cidade do Apóstolo, é un dos destinos turísticos ideais para a práctica do turismo activo, rural e de natureza.

Situado a oito quilómetros de Santiago de Compostela e drenado por decenas de regatos que conflúen co río Ulla, o municipio está flanqueado polos Concellos de Santiago de Compostela e O Pino ó norte, A Estrada, Silleda e Vedra ó sur, Vila de Cruces e Touro ó leste e Santiago de Compostela e Vedra ó oeste.



A estrada N-525 de Santiago a Ourense atravesa o termo municipal polo seu límite oeste e desta vía arranca outra na Susana, a oito quilómetros da cidade do Apóstol, a AC-260 que é a principal arteria de comunicación entre as distintas parroquias do Concello. Esta estrada pasa á provincia de Pontevedra por Ponte Ledesma. Pouco antes, en Vilar, crúzase coa AC-240 de Arzúa a Ponte Ulla. Polo demáis, Boqueixón posúe multitude de pistas e camiños.

A súa extensión é de 73,09 km<sup>2</sup>, cadrados cunha poboación de 4.411 habitantes distribuídos en 14 parroquias: Lestedo, Donas, Subcira, Ledesma, Oural, Pousada, Boqueixón, Codeso, Sergude, A Granxa, Loureda, Gastrar, Vigo e Lamas. Ademais o concello conta con 105 entidades de poboación ou aldeas.



MAPA DO CONCELLO

O concello de Boqueixón Está situado na vertente dereita do río Ulla, nun sector do curso medio. Forma parte do chamado Escalón de Santiago, o espazo morfolóxico estendido entre a Dorsal galega cara ao océano Atlántico, coa forma dun peniplano arrasado que descende suavemente de altitude.

Ten unha topografía suave, agás na zona oeste, onde ten formas máis abruptas e empinadas. Neste sector está o monte Castelo (498 m), e no sur está o Pico Sacro (534 m). As menores altitudes están na zona sueste, na parroquia de Ponte Ledesma, a 60 m.

## *A economía*

A estrutura socioeconómica do concello amosa os trazos propios dunha área rural cun importante índice de persoas dedicadas ao sector primario (484). O sector secundario, que inclúe actividades tan importantes no Concello como a construción ou a industria manufactureira e extractiva, ocupa a 544 persoas, mentres que o sector servizos (terciario) ocupa a 505, polo que se pode percibir unha transversalidade dos 3 sectores produtivos.

4

## *A flora*

Boqueixón abarca unha maior superficie adicada a monte, así aparecen repoboacións de piñeiros, eucaliptos, montes mixtos e montes de frondosas. Outra parte da superficie do Concello está adicada a terras de cultivo, aparecendo así unidades de vexetación de cultivos e prados, ademáis de estrutura vexetal típica das riveiras dos rios.

As unidades de vexetación están formadas por:

- Repoboacións de eucalipto e de piñeiro.
- Montes mixtos: Compostos por piñeiros, eucaliptos e carballos.
- Montes de frondosas: Compostos por carballos e castiñeiros.
- Terras de cultivo: Ocupan unha gran extensión e están compostas por pradeiras, campos de millo, viñedos e prantación froiteiras.
- Ribeiras dos rios: Non son considerados montes propiamente ditos senon alineacións que acompañan a maioría dos cursos de auga. Aínda que representan unha pequena superficie, son esenciais xa que encerran unha gran diversidade de especies vexetais.

### *A fauna*

- Aves: Paporroibo común, merlo común, ferreño abeleira, bubela, cuco, perdiz rubia, curuxa...
- Mamíferos: Furón bravo, coello, esquío, ourizo, porco bravo, porco teixo, raposo, lobo...
- Anfibios: Lagarto, lagartixa, pintega, sapo, ra...

### *Infraestruturas socioculturais*

- ❑ Centro Sociocultural de A Granxa.



- ❑ Centro Sociocultural de Vigo.



- ❑ Centro Sociocultural de Gastrar.



- ❑ Centro Sociocultural de Loureda.



- ❑ Centro Sociocultural "Pedro Barrié de la Maza" de Sergude.



- ❑ Casa de Cultura de Camporrapado.



- ❑ Centro Sociocultural “Juan Fernández Latorre” de Codeso.



- ❑ Centro Sociocultural “Claudio Sanmartin” de Ledesma.





- ❑ Centro Sociocultural “Camilo José Cela” de Lestedo



- ❑ Centro Sociocultural de Lamas.



### *O Pico sacro como referente do patrimonio cultural e natural de Boqueixón*

O Pico Sacro -Montesagro, Pico Sagro, Ilcino ou Illicinus-. érguese a carón de Compostela, en Lestedo (Boqueixón). Airoso e dominante sobre os vales do curso medio do río Ulla, fonte de innumerables lendas e contos populares, este monte foi venerado polos habitantes da comarca antes e despois do cristianismo, cumprindo un papel esencial no mito do traslado do corpo do Apóstolo Santiago. A forma puntiaguda, capaz de parar e desfacer treboadas, a peculiar morfoloxía a base de rochas de cuarzo cristalizado, e a altura de 534m.

sobre o nivel do mar forman unha silueta que exerce como faro natural para os visitantes da bisbarra.

Dende o Camiño da Prata o Pico Sacro marca a derradeira etapa, sendo o primeiro lugar dende onde se ven as ansiadas torres da catedral compostelá, cumprindo así un papel similar ó do Monte do Gozo no Camiño Francés.

## As lendas

O pico sacro é fonte de innumerables lendas e referencias históricas que serán unha das bases das tarefas do campo de traballo “O pico sacro”.

Unha das máis coñecidas é a lenda recollida no Códice Calixtino, que narra a chegada do corpo do Apóstolo a Galicia, no Pico Sacro tiveron lugar estes famosos feitos. Nese tempo señoreaba na bisbarra a Raíña Lupa, personaxe mítico aliada dos romanos. Os discípulos do Apóstolo recorriron a ela para que lles facilitara un carro e uns bois para trasladar o corpo ata o Campo das Estrelas (Compostela).

A lenda di que a Raíña Lupa mandou ós recién chegados ata o Pico Sacro, coa esperanza de que o dragón e os touros bravos que nel habitan os eliminaran. Os discípulos, a piques de morrer ante o dragón que facía de gardián do Pico, fixeron o sinal da cruz provocando con esto a súa morte e o amansamento dos touros. Estes feitos maravillosos provocaron a conversión da Raíña e os seus vasallos á nova relixión cristiá.

En relación a esta lenda pódense atopar referencias esculpidas noutros lugares de Galicia (a fonte de Santiaguíño en san Pedro de Vilanova -Vedra- , ou na fonte do Carme, en Padrón).

## O dragón do Pico

Desta lenda tamén se deriva a extraordinaria figura do dragón da cova do Pico Sacro. No ano 914, recóllese na documentación referida á fundación do mosteiro de San Sebastián a existencia deste ser.

O dragón causaba temor entre os habitantes da zona. Culpábaselle das desgrazas e doenzas da xente, por iso, todo aquel que acudía ao Pico, lanzaba pedras contra a boca da cova. Esta tradición aínda se conserva hoxe en día. Os visitantes, en especial os dous días de romaría que hai ao ano, guindan pedras traídas de lonxe ou arrincadas do mesmo camiño que leva ata a cova.

Recóllense testemuñas da crenza de que o dragón era o causante de doenzas como o ictus. Os veciños do lugar pensaban que a parálise do lado esquerdo do seu corpo era consecuencia do mal causado pola proxección da sombra do monstro sobre eles.

Na actualidade o dragón do Pico sacro, está acadando unha relevancia extraordinaria, grazas a triloxía “dragal” da escritora Elena gallego, e que está acadando unha transcendencia a nivel internacional.

## As covas do Pico

As covas do Pico son o centro de moitas das lendas que van dende consideralas a morada dos mouros ata asegurar que teñen un poder de atracción máxico, que leva a que cando os labregos están mallando o trigo, este escape polo aire en remuíños e se introduza nos buratos.

Nas covas tamén se di que hai galerías e salas maravillosas con sartegos e fontes de canos de ouro polo que mana azougue e que están gardadas por monstros.

Outra lenda di que nas covas hai un tesouro protexido por dúas serpes que en realidade é un adibal ou corda. Para facerse co tesouro hai que dicir "quen te ha de desencantar tres bicos débete dar" e ó bicar as serpes estas transfórmanse no adibal.

As covas representan o mundo non visible onde todo é posible. Unen subterraneamente os dous extremos da serra do Monte Sacro, e dicir dende o Pico ata o pozo de San Xoan da Cova no río Ulla. Esta conexión é aproveitada polos mouros que as habitan para levar a beber os cabalos e para que a moura Raíña Lupa se vaia peitear cos seus peines de ouro ó río.



A todo este universo de lendas e tradicións habería que engadirlle unha serie de referentes de gran valor histórico no Pico sacro e que conformarán unha parte do Campo de Traballo "O Pico sacro": A rúa da Raíña Lupa, as covas dos muros, o mosteiro do Pico derruída nas revoltas populares dos irmandiños, A Capela de San Sebastián....

## O centro de interpretación do Pico sacro

O Centro sitúase na antiga casa reitoral de Lestedo, na aldea de Cachosenande, xusto aos pés do Pico Sacro, a escasos metros da Ruta da Prata.

Este centro permite achegarnos a un coñecemento de todos os aspectos relacionados co Pico: historia, lendas, composición xeolóxica... polo que se converte nun recurso central para comprender a pegada do Pico Sacro en Boqueixón, na súa comarca e a nivel galego.

No 2008 fíxose unha nova musealización do centro, que conta actualmente con paneis explicativos, unha sala de exposicións de fotografías e outra sala cunha maqueta e un vídeo no que se recolle a cultura da zona e o significado do Pico Sacro. Dende este centro parte un roteiro de sendeirismo ata a cima do Pico, cunha duración aproximada de 45 minutos.

Así mesmo, o Concello ofrece neste punto información sobre outros recursos turísticos de Boqueixón, e que tamén terán cabida nalgunha das actuacións do campo de traballo.



Dende este contexto social, cultural e medioambiental, o campo de traballo “O Pico sacro” Boqueixón 2016 é unha gran oportunidade para

desenvolver unha posta en valor de todo este patrimonio, cos 20 voluntarios e voluntarias participantes, deseñando materiais e actuacións que teñan un retorno directo na propia comunidade e na mellora da proxección deste patrimonio material e inmaterial ligado ao Pico sacro e ao seu entorno.

Deste xeito, e con este procedemento de traballo, este grupo de mozos e mozas, poderán vivencializar dun xeito dinámico e divertido un achegamento aos elementos máis reseñables da cultura e patrimonio de Boqueixon en particular, e de Galicia, en xeral, para logo, poder achegar o seu esforzo e interese por divulgar e mellorar diferentes aspectos identificados nas liñas prioritarias de acción do campo de traballo.

## 2. Obxectivos

### Obxectivo xeral do CT\_

Desenvolver a posta en valor do Pico Sacro e o seu entorno dende unha perspectiva comunitaria na que se impliquen diferentes axentes sociais de Boqueixón e comarca, concretada en actuacións específicas que deixen pegada e retorno tanxible na propia comunidade.

14

### Obxectivos específicos\_

- Elaborar materiais divulgativos diversos que enfatizen o valor do Pico sacro como referente cultural e patrimonial de primeira orde.
- Divulgar os diferentes materiais na propia comunidade.
- Achegar aos voluntarios e voluntarias a diversos axentes sociais e entidades da comunidade como fontes de coñecemento moi relevantes do entorno.
- Promover no voluntariado unha función dinamizadora do colectivo xuvenil e ligala aos elementos patrimoniais materiais e inmateriais da zona.

- Xerar un espazo de convivencia positiva entre voluntarios e voluntarias en base ao proceso de inmersión cultural na nosa cultura xunto as súas culturas de procedencia.
- Achegar os elementos identitarios da cultura galega aos participantes do Campo de Traballo.
- Xerar propostas de valorización do Pico Sacro vencellado ao camiño de Santiago ao seu paso por Boqueixón a través dun proceso de participación social.
- Promover un ocio saudable dende a práctica deportiva e o contacto coa natureza.



### 3. Liñas estratéxicas do Campo de traballo

Dos obxectivos anteriormente citados, podemos extraer unha serie de liñas extratéxicas, que serán as que marquen o itinerario a seguir nas *actividades de traballo* propiamente ditas:

#### 1. “Escola e patrimonio”

**Obxectivo específico:** Promover no contexto educativo un achegamento ao patrimonio cultural, natural e social que existe ao redor do Pico Sacro. Este achegamento materializarase a través dunha unidade didáctica que será aplicada no centro educativo no vindeiro curso escolar.

#### **Actuacións:**

- Contacto previo ao desenvolvemento do campo de traballo, co profesorado do CPI Antonio Orza Couto para determinar segundo o currículo de cada curso e ciclo, os potenciais destinatarios da unidade didáctica a deseñar.
- Conversas con axentes sociais concello que poidan aportar información relevante sobre os diferentes elementos patrimoniais vencellados ao Pico Sacro.
- Recollida de información relevante mediante unha visita guiada ao centro de interpretación do “Pico Sacro”
- Elaboración da unidade didáctica en formato dixital para centro educativo. En 3 idiomas. (galego, español e inglés)

## 2. *“O Camiño de Santiago e o Pico sacro”*.

**Obxectivo específico:** Xerar propostas de actuación concretas para a posta en valor do Pico sacro no camiño de Santiago ademais de identificar melloras do Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Boqueixón.

### **Actuacións:**

- Percorrer o camiño dende o albergue de Vedra, en San Pedro de Vilanova ate remate do camiño no concello de Boqueixón e continuar o itinerario ate o Pico Sacro.
- Proceso participativo para establecer plan de actuación para dinamización do camiño ao seu paso por Boqueixón e medidas de posta en valor do Pico Sacro no camiño.
- Execución de determinadas medidas realizables no período do campo de traballo.
- Elaborar unha enquisa para coñecer a percepción dos peregrinos do camiño en torno ao Pico Sacro.

## 3. *“Boqueixón dende as súas xentes”*

**Obxectivo específico:** Propiciar unha dinamización do tecido social de Boqueixón ao redor dos seus diversos recursos patrimoniais de Boqueixón, con especial protagonismo do Pico Sacro, para propiciar unha posta en valor dende a propia comunidade.

### Actuacións:

- Visita aos diferentes recursos patrimoniais destacables do concello e a persoas relevantes do concello vencelladas a eses recursos.
- Dinamización do colectivo xuvenil ao redor do Pico sacro e outros elementos patrimoniais con actividades específicas.
- Elaboración de vídeos promocionais, (en galego, castelán e inglés) vinculados aos recursos patrimoniais visitados e valorizados.

Derivadas destas liñas estratéxicas poderíamos identificar unha serie de actuacións específicas cun retorno tanxible na propia comunidade:

1. **Unidade didáctica dixital en 3 idiomas** para aplicar no curso 2016-2017 no CPI Antonio Orza Couto
2. **Microvídeos promocionais** do Pico sacro e outros elementos patrimoniais do Concello de Boqueixón
3. **Propostas de actuación concretas** para a posta en valor do Pico sacro no Camiño de Santiago.
4. **Dinamización do colectivo xuvenil de Boqueixón** vinculando a elementos patrimoniais, xerando unha dinámica de moito interese para futuras actuacións no concello.
5. **Identificar axentes sociais capaces de implicarse a prol da comunidade, ofrecendo un servizo concreto aos voluntarios e voluntarias participantes no CT.**

## 4. Metodoloxía

O proceso metodolóxico a seguir no Campo de Traballo “ O Pico sacro” Boqueixon 2016, deberá estar sustentado nunha serie de criterios fundamentais e que deben de artellar gran parte do traballo desenvolvido:

- **Participación activa:** o Campo de Traballo estará sustentado na implicación e participación de todo o grupo, que seguindo a escaleira de Hart, logre establecer os maiores niveis de participación no desenvolvemento do Campo de Traballo.
- **Empoderamento:** Os voluntarios e voluntarias acadarán un notable grao de empoderamento derivado de que existirán múltiples espazos para a toma de decisións nas que o seu protagonismo será absoluto. É fundamental que os voluntarios e voluntarias sintan todo o proceso de traballo como propio. Ademais, a súa contribución aos diferentes aspectos orgnizativos do Campo de Traballo será fundamental.
- **Cohesión grupal:** Para establecer unha dinámica de traballo satisfactoria é preciso que se fundamente unha convivencia, dinámica e satisfactoria que permita a cohesión e a integración de todo o grupo.
- **Vivencial dende unha perspectiva comunitaria:** O Campo de Traballo terá un plantexamento claramente vivencial e emocional, e que favoreza o contacto coa comunidade, as súas xentes, as súas asociacións, o seu patrimonio. Este contacto, humano e integrador, debe de ser a base para xerar resultados concretos tanxibles para a

propia comunidade. É fundamental que o grupo de voluntarios e voluntarias no perdan de vista, que tódalas actividades de traballo xeran un retorno específico, para a posta en valor do Pico Sacro e o seu entorno.

- **Creativa:** Ao longo do Campo de Traballo a creatividade xogará un papel fundamental, para mellorar no plano cualitativo algúns dos resultados finais dos traballos realizados en cada unha das liñas estratéxicas establecidas.
- **Lúdica:** Resulta esencial que tanto nas dinámicas das actividades de traballo como nas actividades de ocio, a compoñente lúdica no marco dun proxecto educativo e divulgativo é moi importante para que a vivencia dos voluntarios e voluntarias sexa totalmente satisfactoria.

## 5. Organización do Campo de Traballo

Os datos técnicos do Campo de Traballo “O Pico sacro” serían os seguintes:

Datas de celebración: 18//07/2016 – 29/07/2016

Idades: 18-30 anos

Ámbito: Internacional

Modalidade: Cultural e patrimonial

Prazas: 20

Idiomas: Inglés, español, galego

21

De cara a organización técnica do campo de traballo deberán terse presentes os seguintes aspectos, de xeito primordial:

### *Normativa do campo de traballo\_*

As normas de funcionamento a partires das premisas dispostas pola Xunta de Galicia, así como a base educativa e humana no campamento, porá especial atención as seguintes cuestións:

1. Habará unha persona encargada sempre do botiquín no caso de que nas saídas non poida disporse dun A.T.S.
2. Nas habitacións a partires das 0:00 horas gardarase absoluto silencio.
3. Nas habitacións non se poderá comer.

4. O grupo encargaráse de limpar tódolos días a súa habitación, así como espazos común e realizar as comidas a través dun retén de traballo compartido entre voluntarios e voluntarias e equipo técnico.
5. Os voluntarios e voluntarias non deixarán nada tirado nas duchas.
6. A última responsabilidade recae sobre a dirección, polo que primará o seu criterio cando non haxa consenso.
7. Coidaranse tódalas dependencias do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude e tratarase con respecto e educación ás persoas da instalación.
8. Os voluntarios e voluntarias permanecerán no Campo de Traballo durante o período programado, non ausentándose a non ser por causa da propia actividade.
9. Traballarase as horas previstas.
10. Os voluntarios e voluntarias aceptarán as indicacións dos responsables da actividade respectando aos compañeiros.
11. Os voluntarios e voluntarias presentaránse sempre aos almozos, comidas, ceas e parlamentos.
12. Non se permitirá o consumo de alcohol e outras drogas nas instalacións.
13. Non se pode utilizar o vehículo propio durante o Campo de Traballo.
14. Os voluntarios e voluntarias formarán parte do retén de servizos de mantemento cando corresponda.

#### *A recepción dos e das participantes\_*

O punto de encontro para a recepción dos participantes no Campo de Traballo, será a entrada principal da estación de autobuses de Santiago de Compostela, o día 18 de xullo as 16h.

Unha parte do equipo técnico fará a recepción na estación de autobuses, e outra parte quedará nas instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, por se alguén achégase pola súa conta de xeito directo ao centro.

Unha vez que tódolos participantes estean instalados no centro, procederase a dar a información básica sobre os obxectivos do campamento, a organización do mesmo, o coñecemento das instalacións, aspectos sanitarios e de seguridade, a normativa do campo de traballo, etc...

#### *Aloxamento e manutención\_*

Os/as voluntarios/as aloxaranse nas instalacións da Centro de Formación e Experimentación Agroforestal, previa solicitude á Consellería de Medio Rural, situada na parroquia de Sergude, dende onde serán trasladados (ida e volta) diariamente ata o lugar da actividade.

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude cumpre con tódalas condicións para o desenvolvemento dunha actividade de campo de traballo, debido ao diversificado das súas instalacións para a hospedaxe (servizo de internado, cociña...), como polas propias instalacións académicas (aulas convencionais, aulas de informática...).

En canto á manutención, farán o almuerzo, xantar e cea nas mesmas instalacións: é un campo de traballo vivencial polo que se contempla que os traballos sexan compartidos nun retén.





Imaxe aérea do centro de capacitación agraria de Sergude

### *O traballo dos voluntarios e voluntarias\_*

Para a consecución dos obxectivos previstos, resulta fundamental que o voluntariado se sinta cómodo no desempeño das tarefas de traballo encomendadas e dentro dun clima grupal óptimo.

Neste campo de traballo a consecución de materiais específicos para a posta en valor do Pico Sacro é un dos elementos centrais, polo que é determinante conformar equipos de traballo motivados, no que cada voluntario ou voluntaria se sinta cómoda en cada tarefa, dentro dun proceso dinámico, creativo e ameno.

## 6. Programa de actividades

No programa de actividades debe diferenciarse dous tipos de actuacións:

- **As acción de traballo**, que son aquelas actividades destinadas á consecución dos obxectivos do campo de traballo, e concretamente das 3 liñas estratéxicas que se determinan no Campo de Traballo “O Pico Sacro” ( Escola e patrimonio – Camiño de Santiago e o Pico Sacro – Boqueixón dende as súas xentes ).
- **Accións complementarias ou de lecer e tempo libre**, dirixidas a promover de xeito colectivo, un tempo de ocio ameno, saudable e creativo, que sexa satisfactorio para os voluntarios e voluntarias participantes.

### ACCIÓNS DE TRABALLO:

#### Liña estatéxica 1: “Escola e patrimonio”

**Obxectivo específico:** Promover no contexto educativo un achegamento ao patrimonio cultural, natural e social que existe ao redor do Pico Sacro. Este achegamento materializarase a través dunha unidade didáctica que será aplicada no centro educativo no vindeiro curso escolar.

#### Elaboración dunha unidade didáctica

A través das actuacións descritas no apartado 3, os voluntarios e voluntarias efectuarán un achegamento á realidade patrimonial existente ao redor do Pico Sacro, que lle permita establecer o obxectivo concreto da

unidade didáctica, e o enfoque didáctico desexado, para finalmente establecer as actividades educativas que acompañan á unidade didáctica.

Para este proceso, os voluntarios e voluntarias deben de contar con varias estruturas posibles de unidades didácticas para facilitarlles o traballo de elaboración.

Esta dinámica de traballo permitirá conquistar un material didáctico en 3 idiomas, que terá unha aplicabilidade directa no CPI Antonio Orza Couto co alumnado que previamente se determine, e que permitirá ter un instrumento para por en valor o Pico Sacro e o seu entorno, co alumnado de educación primaria e secundaria, ao cal, este tipo de temáticas pode resultarlle algo distantes, e polo que se fai preciso xerar materiais adaptados as súas idades e aos seus centros de interese.

Finalmente, será fundamental poder facer un seguimento avaliativo, do resultado da aplicación das unidades didácticas e o resultado conquistado para poder establecer melloras de cara a vindeiros cursos.

## **Liña estatéxica 2: “Camiño de Santiago e o Pico Sacro”**

**Obxectivo específico:** Xerar propostas de actuación concretas para a posta en valor do Pico sacro no camiño de Santiago ademais de identificar melloras do Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Boqueixón.

### Proceso participativo para xerar propostas de mellora

No marco dun campo de Traballo vivencial, e plenamente participativo, non pode faltar o deseño dun proceso participativo dos voluntarios e

voluntarias, a partir do percorrido do Camiño de Santiago e a vinculación con este, do Pico Sacro.

En primeiro lugar é fundamental que os voluntarios e voluntarias adquiren toda a información posible, a través dunha serie de actuacións de carácter diagnóstico:

-Elaboración dunha enquisa para os peregrinos a pasar no albergue de Vedra, sempre e cando exista colaboración da xerencia do albergue.

-Visita ao Albergue de Vedra para coñecer as súas instalacións, a información que se ofrece a peregrinos, espazos informativos, percepción dos xerentes da instalación sobre o proxecto do campo de traballo....

-Realizar traxecto do camiño de Santiago dende o albergue de Vedra ate Lestedo e diagnosticar o seu estado, sinalización, etc.. para detectar posibles melloras. A continuación, os voluntarios e voluntarias efectuarían o percorrido dende Lestedo ate o Pico sacro.

Todo este camiño sería fundamental para coñecer o estado actual do mesmo, e determinar que tipo de medidas informativas e dinamizadoras serían útiles para a posta en valor do Pico sacro no marco do camiño de santiago na via da Prata.

Froito deste traballo diagnóstico, o grupo de voluntarios e voluntarias efectuarán un proceso participativo para desenvolver un decálogo de propostas para a consecución dos obxectivos pretendidos nesta liña estratéxica.

O proceso participativo debe de contar con tódalas súas fases: coñecemento da realidade, visualización a través dun taller de futuro, xeración de propostas, priorización, consensuación dun decalogo de propostas. Finalmente, aquelas propostas que aparezan no decálogo e sexan factibles

realizar (co beneplácito de tódolos axentes implicados) abordaríanse dentro do Campo de Traballo “O Pico Sacro”.

### **Liña estatéxica 3: “Boqueixón dende as súas xentes”**

**Obxectivo específico:** Propiciar unha dinamización do tecido social de Boqueixón ao redor do seus diversos recursos patrimoniais, con especial protagonismo do Pico Sacro, para propiciar unha posta en valor dende a propia comunidade.

28

#### Dinamización do colectivo xuvenil

Un dos obxectivos desta liña estratéxica é a de poder desenvolver actividades que permitan dinamizar a mocidade do concello ao redor dos elementos patrimoniais culturais, naturais e históricos, de gran importancia para o concello.

Deste xeito os voluntarios e voluntarias deberán deseñar actividades para dinamizar a este colectivo, empregando como recurso o tempo de ocio dende diversas metodoloxías, e o Pico sacro e o seu entorno como recurso educativo e dinamizador.

Así, mozos e mozas do concello poderían desfrutar de actividades inovadoras e apegadas a súa realidade ao tempo que aprender a dar o valor e a transcendencia ao inmenso patrimonio que os rodea na súa vida cotiá. Os campamentos urbanos que se realizan denden o concello poden ser escenarios dalgunha destas actividades dinamizadores. O traballo resultante dende a interacción entre a mocidade de Boqueixón e os voluntarios e voluntarias pode ser tremendamente enriquecedor dentro desta liña estratéxica.

Ademais, dente este plantexamento, é fundamental poder dinamizar aos mozos e mozas en diversas actuacións do tempo libre, e que logo poidan ter continuidade noutros programas municipais.

### Elaboración de videos promocionais de Boqueixón

A pretensión desta actuación reside en deseñar pequenos audiovisuais que permitan recoller a esencia do valor patrimonial do Pico Sacro e outros recursos do Concello (ex. A ponte de Ponte Ledesma, a ferverza de Codeso,etc..).

Para iso, programaranse diversos contactos con axentes sociais e entidades do municipio que poidan aportar tanto a parte histórica e informativa, como a parte emocional do que significa cada recurso patrimonial visitado.

A través do “descubriendo Boqueixón” e das súas xentes o voluntariado poderá ter o punto de partida para logo desenvolver a creación audiovisual.

En canto a creación audiovisual, os voluntarios e voluntarias recibirán un pequeno obradoiro formativo que contemplará dous aspectos esenciais: a estrutura dun spot e o manexo dun programa de edición.

O resultado final serán pequenos spots audiovisuais, realizados polos voluntarios e voluntarias, nos 3 idiomas presentes no campamento (galego, castelán e inglés) e que permitirán crear instrumentos dinamizadores e de posta en valor do Pico Sacro e o seu entorno, que terá difusión nos diferentes soportes de comunicación do Concello de Boqueixón (web, redes sociais, publicacións, etc..), ademais de seren presentados publicamente dentro do

encontro final do campo de traballo no que se darán a coñecer os diferentes materiais elaborados.

Na elaboración directa, poderán participar axentes sociais e mocidade de Boqueixón, se ben este será un proceso que dependerá das dinámicas que se xeneren dentro da actividade “decubriendo Boqueixón” e dentro das propias actividades do campo de traballo.

### Presentación dos traballos elaborados á comunidade

Na última tarde do campo de traballo procederáse a realizar unha xoranda cunha forte compoñente comunitaria na que os voluntarios e voluntarias xunto aos mozos e mozas de Boqueixón implicados, poidan achegar á veciñanza de Boqueixón o resultado final dos traballos elaborados, de forma que se poida testar e tanxibilizar o retorno que o campo de traballo “O Pico sacro” ten para a propia comunidade.

Neste acto comunitario e festivo, a comunidade dende as diferentes entidades implicadas tamén farán as súas achegas ao acto con actuacións musicais, e dando a súa valoración do proceso de traballo compartido cos voluntarios e voluntarias.

Esta actividade resulta esencial no proceso de traballo do campo, xa que é o que posibilita visibilizar o realizado, e que permite dar relevancia aos veciños e veciñas implicados no proceso de posta en valor do seu patrimonio, o cal é fundamental no marco deste proxecto.

Dentro desta tipoloxía de actividades tería cabida as seguintes:

### Kayak no río Ulla

O río Ulla ofrece tanto nas marxes do concello de Boqueixón coma no concello de Vedra paraxes e percorridos en diversas praias fluviais que son idoneas para esta práctica deportiva.

Esta actividade pòdese desenvolver ao tempo que se disfruta das praias fluviais.

### Xogos Tradicionais

Un Campo de traballo é unha oportunidade moi boa para poder coñecer os diversos xogos tradicionais galegos e desenvolver unha xornada disfrutando dos mesmos (turrasoga, rá, bolos celtas, chave, etc..).

De xeito rotatorio o grupo poden ir disfrutando dos diferentes xogos. Ao tratarse dun campo de traballo internacional, deixar un espazo para coñecer e practicar xogos tradicionais dos seus lugares de procedencia poderá enriquecer enormemente a actividade e facela moito máis participativa e inclusiva.

### “Descubrindo Boqueixón”

Esta actividade está a camiño entre as actividades de lecer e a súa vez son parte esencial do proceso de coñecemento do patrimonio cultural, natural e social do concello de Boqueixón, parte decisiva para as accións de traballo deste proxecto. Dentro desta categoría de actividades están as visitas as xoias históricas como a Ponte de Ponte Ledesma, recursos naturais como a fervezas



de Codeso, ou rotas de sendeirismo do río grande, ou a visita guiada aos Muiños.

Estas 3 actividades complementarias: **kayak no río Ulla**, “**descubriendo Boqueixón**”, e **xogos tradicionais** son parte das actividades complementarias achegadas directamente polo Concello de Boqueixón. A estas actividades achegaríanse os recursos materiais, humanos e o custe das mesmas: ademais, estas actividades estarían coordinadas por un Director de Tempo Libre do Concello, para garantir o desenvolvemento técnico da mesmas.

Estas actividades están ubicadas na primeira semana do Campo de Traballo “ O Pico sacro”.

### Piscina

Actividade de elcer aproveitando os recursos existnete no concello, an que ben se pode deseñar actividades de dianmziación ou ben deixar que sexan espazos para a interacción e a ceración de grupo dun xeito fluído. Esta actividade tamén se pode desenvolver no río, misturando ámbolos espazos.

### Obradoiro de cociña internacional:

A base deste obradoiro é o intercambio culinario derivado dos países de procedencia de cada voluntario ou voluntaria. Nas dúas últimas noites do campo de traballo, procederse a degustar pratos, postres, aperitivos, ou bebidas dos diferentes países de procedencia, elaborando así conxuntamente un menú internacional derivado da riqueza cultural e culinaria de cada país. Parte desta desgustación internacional poderase facer na propia presentación á comunidade dos materiais elaborados.

### Visita a Santiago de Compostela:

Dentro dun Campo de traballo internacional, é fundamental efectuar unha visita a Santiago de Compostela, pola súa dimensión internacional. A visita centraríase sobre todo pola zona vella, coa súa catedral, prazas e rúas desta cidade Patrimonio da Humanidade.

### Excursión a Costa da morte:

Unha excursión á Costa da Morte pode ser moi enriquecedora para dar ao grupo de voluntarios e voluntarias a visión da Galicia mariñeira, e como contraposición da Galicia rural de interior que coñecen no campo de traballo noso concello.

Ademais, a conexión entre o Camiño de Santiago, coa fin do mundo e as lendas en Fisterra pode facer as delicias dos grupos de voluntarios e voluntarias.

### As veladas:

As veladas xogan un papel esencial na cohesión grupal e no disfrute do campo de traballo, ao tempo que resulta unha ferramenta efectiva para achegarse aos obxectivos do campo de traballo dun xeito distendido.

Tamén é certo que debe de quedar á decisión do grupo como xestionar e reorientar as veladas ao interese dos voluntarios e voluntarias, xa que estas veladas están dentro do seu tempo de lecer. Polo tanto, estes espazos deben de ser participativos no seu deseño e estrutura entre equipo técnico e voluntariado.

### O día libre:

Entendemos que metodoloxicamente é moi importante que os voluntarios e voluntarias teñan unha parte do seu tempo no campo de traballo para unha libre disposición, e que sexa froito das súas interaccións. Este día permitiralles coñecer outros lugares de Galicia, ou destinalo a outras actividades de lecer que sexan do seu interese.

## 7. Cronograma

Horarios	Día 1	Día 2	Día 3	Día 4	Día 5	Día 6	
8'30-9h.	TRABALLOS ORGANIZATIVOS PREVIOS	Erguerse e recollida de cuartos					
9h-9'30h.		Almorzo e programa do día					
9'30-14h.		Recepcion municipal	Actividades campo de traballo				
		Actividades CT					
		AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	EXCURSIÓN COSTA DA MORTE
		UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	
		CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	
		DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	
RETÉN		RETÉN	RETÉN	RETÉN	RETÉN		
14h-15h.		Xantar					
15h.-16h.	Descanso						
16-20h.	RECEPCIÓN	DESCUBRINDO BOQUEIXÓN	XOGOS TRADICIONAIS	KAYAK/PRAIA FLUVIAL	DESCUBRINDO BOQUEIXÓN	EXCURSIÓN COSTA DA MORTE	
20h-21h.	ACOMODACIÓN	Descanso					
21-22h.	CEA	Cea					
22h-22'30h.	ASEMBLEA	Asemblea					
22'30h.- 23'45h.	VELADA	Velada					
23'45h- 24h.	DEITARSE	Deitarse					

Horarios	Día 7	Día 8	Día 9	Día 10	Día 11	Día 12
8'30-9h.	Erguerse e recollida de cuartos					
9h-9'30h.	Almorzo e programa do día					
9'30h-14h.	Actividades campo de traballo					RECOLLIDA E DESPEDIDA
	AUDIOVISUAL	DÍA LIBRE	AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	AUDIOVISUAL	
	UN. DIDACTICA		UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	UN. DIDACTICA	
	CAM. SANTIAGO		CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	CAM. SANTIAGO	
	DINAM. XUVENIL		DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	DINAM. XUVENIL	
RETÉN	RETÉN		RETÉN	RETÉN		
14h-15h.		xantar				
15h.-16h.	Descanso	DÍA LIBRE	Descanso			
16-20h.	PISCINA		OBRADOIRO COCIÑA INTERNACIONAL	VISITA SANTIAGO	PRESENTACIÓN TRABALLOS NA COMUNIDADE	
20h-21h.	Descanso					
21-22h.	Cea					
22h-22'30h.	Asemblea					
22'30h.- 23'45h	Velada					
23'45h- 24h.	Deitarse					

## 8. Avaliación

A nivel avaliativo a débense de desenvolver 3 tipos de avaliación:

### Avaliación previa:

Esta avaliación previa deberña ser feita polo equipo técnico encargado de desenvolver o campo de traballo, para facer unha diagnose dos espazos en relación ao programa do campo de traballo.

Ademais desta avaliación, é fundamental a avaliación vinculada aos axentes sociais do concello e ao colectivo xuvenil para diagnosticar as posibilidades de dinamización deste colectivo, en relación aos obxectivos do campo de traballo.

### Avaliación de proceso:

Esta avaliación débese caracterizar pola **dimensión participativa** de tódolos axentes implicados no proxecto (equipo técnico, voluntarios e voluntarias, institucións municipais...). Para iso deben ser esenciais algunhas ferramentas:

- Asembleas: espazos onde voluntarios e voluntarias teñen a opción de facer achegas, consideracións e valoracións sobre os diferentes aspectos relacionados co campo de traballo.
- O traballo de avaliación diaria do equipo técnico: Este traballo debe ser froito da información recollida cos demais axentes implicados.

### Avaliación final de resultados:

Para a avaliación de resultados en relación aos obxectivos establecidos no campo de traballo, establécense os seguintes instrumentos:

-Enquisa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que de xeito anónimo permite enviar un feed-back directo das percepcións dos voluntarios e voluntarias participantes no campo de traballo.

-Avaliación final do equipo técnico encargado do desenvolvemento do campo de traballo, e que é remitido a Dirección xeral de Xuventude e voluntariado.

- A avaliación derivada da sesión de presentación dos traballos á comunidade, na que poderán participar os diferentes axentes implicados no proceso. Nesta sesión valorarase os materiais e propostas presentadas, o seu impacto na comunidade, en que medida permiten unha posta en valor do patrimonio do noso concello e en especial o Pico sacro e o seu entorno.

## 9. materiais

Para o desenvolvemento do campo de traballo “O Pico sacro”, é preciso polo menos contar co seguinte material:

Material deportivo: Xogos tradicionais: bolos celas, zancos, rás,....., kaiaks ematerial accesorio, balóns de diversos tipos, petos reflectantes, etc...

Material funxible: Rotuladores, folios, boligrafos, lápices, ceras, rotuladores permanentes, gommets, cartolinas, papel continuo, etc...

Material non funxible: ordenadores portátiles, programas de edición, cámaras de video, cámaras fotográficas, canón de proxector, alargadeiras, walkies...

## 10. Equipo técnico

1 Director/a de Campos de Traballo

2 Monitores/as de Tempo libre

1 monitor/a en prácticas

Todo o personal deberá estar contratado segundo a lexislación vixente e no marco do II Convenio colectivo marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural, vixente ate o 31 decembro de 2016.

Para as actividades complementarias antes indicadas o concello achegará monitorado específico.



## 11. Orzamento

Manutención.....	2300€
Equipo técnico.....	2100€
Transporte (desprazamento diario e autobús excursión).....	1400€
Seguros (RC e accidentes).....	400€
Actividades de traballo.....	1250€
Edición, montaxe audiovisual e dvd's	
Impresións a cor dos materiais elaborados (roll-up, paneis, exposicion fotográfica....)	
Gastos do evento de presentación de traballos á comunidade	
Actividades complementarias ( Achegadas polo concello).....	1600€
Kayak polo río Ulla.....	400€
“Descubriendo Boqueixón” .....	400€
Xornada xogos populares.....	350€
Coordinación dun Director de TL nas activid. Municipais.....	450€
<b>TOTAL.....</b>	<b>9050€</b>